

COMUNICADO Nº 039/16

9 DE MARZO DE 2016

AMPLIACIÓN REGULAMENTACIÓN TÉCNICA DE KARTING 2016

CATEGORIA JUNIOR

As novas especificacións dos lame Parilla X30 Junior, nos que se elimina a centralita e se simplifica a instalación eléctrica, non limitan o réxime do motor as 14.000rpm, sendo iguais os Senior cunha limitación a 16.000rpm. Dita modificación supón una alteración da competitividade e igualdade existente entre ambos, xa que os Junior beneficianse dun peso 17kg inferior. O colector de escape continúa sendo restrinxido a 29mm.

Polo tanto, e una vez recibida a confirmación por parte da fábrica de que non haberá motores limitados a 14.000rpm, e co obxectivo de manter as prestacións entre ambos e non incurrir en gastos os equipos e pilotos, limítase o desenvolvemento a utilizar para a categoría Junior, independentemente da centralita que monten.

Os desenvolvementos son os seguintes:

- PASTORIZA: Piñón obrigatorio: 11z. coroa: máximo 72 dentes.
- MAGDALENA: Piñón obrigatorio: 11z coroa: máximo 72 dentes.
- VALGA: Piñón obrigatorio: 10z coroa: máximo 77 dentes.

*(*enténdese por máximo, o número máximo de dentes que pode ter a coroa, debendo ter por tanto, o número indicado ou menos).*

PEZAS NON ORIXINAIS.

Co obxectivo de reducir os gastos os equipos, autorízase o uso de determinadas pezas non orixinais lame / Parilla.

- Categoría Alevín; piñón 10z. Bendix.
- Categoría Cadete: piñón 10z. Bendix. Motor de arranque.
- Categoría X30: Piñón 10z e 11z. Bendix. Motor de arranque.

GASOLINA / ACEITE

Como novidade para a presente tempada, a mezcla gasolina/aceite será controlada mediante a máquina FT-64 - Deluxe Fuel Test.

1. Gasolina: Será responsabilidade de cada piloto/equipo a compra da súa propia gasolina, na estación de servizo e surtidor oficial da proba, que será informada mediante comunicado o venres, día anterior á mesma.
2. Aceite: Para garantir o correcto análise da mezcla, a marca, tipo, e porcentaxe será obrigatorio en cada categoría.
**Alevín e cadete; Xeramic Synmax Full Synthetic 2T / 4%.*
**X30: Wladoil (aceite oficial lame X30) / 5%.*
3. *A compra do aceite é libre, puidendo facela en calquera distribuidor. Igualmente, o organizador dispondrá de stock na propia proba a un precio especial para os participantes que os desexen.*



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



* *Xeramic Synmax Full Synthetic 2T: precio CGK 16,50€ +iva. (pvp: 18,50€ +iva).*

* *Wlodoil: precio CGK 19€+iva. (pvp: 23,95€ + iva).*

4. En calquera momento da proba poderá ser efectuada, sen ningún aviso previo, unha análise da mezcla. Unha amostra será retirada do depósito do kart, que será analizada mediante a máquina FT-64 – Deluxe Fuel Test, e comparada ca amostra que posee a organización.
5. Os comisarios técnicos teñen dereito a substituír a gasolina dun kart por unha oficial suministrada pola organización, ca gasolina, aceite e porcentaxe de mezcla esixido.
6. Se os comisarios técnicos necesitasen outro tipo de análise adicional, poden mandar a amostra extraída a un laboratorio certificado, sendo os costes a cargo do piloto/equipo se finalmente se demostrara alguna anomalía ou irregularidade.
7. A todos os efectos, será considerada como amostra oficial e comparativa de análise, a mezcla en posesión da organización, con gasolina da estación de servicio e surtidor oficial, marca e tipo de aceite esixido na categoría co seu porcentaxe correspondente.
8. Está estrictamente prohibido o uso de calquera tipo de aditivo, sustancia ou produto na gasolina e aceite.

PNEUMÁTICOS AUGA

Recoméndase a tódolos participantes ter en posesión un xogo de pneumáticos de auga, da marca Vega, modelo e composto indicado no regulamento para á categoría, e suministrado polo proveedor oficial do Campionato de Galicia de Karting (CGK). Non se garante o suministro a tódolos participantes na propia proba.

Está autorizado o uso de pneumáticos comprados ó proveedor oficial do CGK e usados nas pasadas tempadas. Non está autorizado o uso de pneumáticos comprados a outro proveedor diferente.

No caso das categorías X30 e KZ2, continúaase ca autorización do uso dos pneumáticos Vega W4, sempre e cando cumbran as condicións anteriormente citadas.

PNEUMÁTICOS SECO E AUGA

Está estrictamente prohibido o uso de aditivos ou produtos para tratar ou limpar os pneumáticos, que poden ser controlados mediante máquina de detección de sustancias químicas.

COMISIÓN DE KARTING DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO